

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE STANDS PARA A I FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILÁN 2014.

Sendo as 11:15 horas do día 26 de setembro de 2014, no salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (3º planta do antigo Seminario Menor), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Benestar Social e Igualdade, dona Ana González Aballeira en substitución da Ilma. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e actuando como vocais dona; don Angel Trabada Gómez polo Grupo municipal do Partido Popular; dona Cristina Ferreiro, polo Grupo municipal do BNG; don José Manuel Díaz Grandio, Concelleiro de Deportes; don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello; dona Ana Isabel Saez Mancebo, letrada asesora; dona Matilde García Losada, xefa sección cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Presidenta da Mesa e procédese a continuación a apertura do sobre B (oferta económica) da única oferta presentada, co seguinte resultado:

- XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L
- . prezo: 26.904 IVE incluído
- . Características técnicas (memoria de calidade), aporta fotografía

Á vista do cal, os membros da Mesa de Contratación acordan seleccionar como á mercantil XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L., por ser a única oferta presentada e cumprir os requisitos esixidos nos pregos

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 11:30 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA

Asdo: Ana Gonzalez Aballeira



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz